

## **APUNTAMENTOS PARA EMPRENDEDORES**

### **INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA**

Coa nova convocatoria da Consellería de Traballo e Benestar para as empresas cualificadas como Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica (IEBT), os promotores deste tipo de proxectos innovadores poderán beneficiarse dun financiamento parcial dos custos iniciais necesarios para poñelos en marcha.

Hai cinco modalidades de axuda, cuxas bases reguladoras están explicadas no DOG do 4 de maio. Subvenciónase, por exemplo, a creación directa de emprego estable, é dicir, de postos de traballo de carácter indefinido ocupados por persoas desempregadas, contando os dos promotores, con contías que alcanzan ata os 7.000 euros. Tamén se cobre o 40% dos custos salariais totais da contratación de persoal técnico de alta cualificación, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos, segundo a duración do contrato, cun máximo de doce mensualidades. Neste caso, o límite máximo é de 18.000 euros por todas as contratacións.

A terceira axuda contemplada concédese como apoio á función xerencial ao promotor na instalación da empresa, se se obtén mediante titorías, mediante formación ou ben a través da realización externa de estudos e informes da actividade. Subvenciónase o 75% do custo dos servizos recibidos, cun tope de 12.000 euros polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

A subvención financeira consiste na redución do tipo de interese en préstamos para financiar os investimentos necesarios para a creación e posta en marcha da IEBT concedidos por entidades financeiras que teñan convenio con Traballo e Benestar; o 75% do préstamo, como mínimo, deberá destinarse a inmovilizado material ou intanxible.

Por último, poderá optarse a unha axuda igualmente relacionada co inicio e posta en marcha da actividade, para gastos como os de constitución da empresa, compra de mercadorías, aluguer de local ou de maquinaria e equipamentos informáticos, publicidade, etc. O seu importe estimarase en función do número de postos de traballo estable xerados, con 12.000 euros como máximo por cada posto.

O prazo de presentación das solicitudes finaliza o 30 de xuño.